

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA  
QUINCE DE NOVEMBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA  
Concelleiros D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS  
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>: MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>: M<sup>a</sup>. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA  
D<sup>a</sup>. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día quince de novembro de dous mil sete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25/10/2007)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e cinco de outubro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre do POS 2008

Dáse conta da circular remitida pola Excma Deputación Provincial para a elaboración do Plan de Obras e Servizos 2008.

1º.- Aprobar o *Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2008* no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2008, integrado polas seguintes obras

DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
<i>Acondicionamento da estrada Oza-Cibrán (San Xián de Sales)</i>	90.989,33	51.935,45	142.924,78
<i>Acond. Pista no lugar de campo da festa A Pedreira - Ximonde (San Miguel de Sarandón)</i>	31.848,4	1.680	33.528,4
<i>Alumbrado público en Sta. Cruz de Ribadulla, Ponte Ulla, San Mamede e Illobre</i>	31.228,49	1.650	32.878,49
<i>Alumbrado público en S. Miguel de Sarandón, Vedra, Trobe y San Fins de Sales</i>	34.438,97	1.820	36.258,97
<i>TOTAIS</i>	188.505,19	57.085,45	24.559.064

2º.- Delegar na Xunta de Goberno a aprobación , logo de redactados, dos correspondentes proxectos.

3º.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2008 no que se inclúen as obras que a continuación se indican

Denominación da obra	Presuposto
Acondicionamento de pistas en Reboredo (Ponte Ulla) e Covelas (San Pedro de Sarandón)	31.810,91
TOTAIS	31.810,91

4º.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias

5º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2008 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2008

6º.- Solicitalle á Excmá. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

7º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde -Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Dona Xosefina Guitián do BNG fai constar algunhas correccións en canto á denominación da pista en San Miguel.

O Sr. Costa do PP di que na pista Oza -Cibrán débese intentar negociar cos veciños a cesión de terreos para ampliar na zona de cerres, para que quede en debidas condicións.

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta

**3º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE con motivo do 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero**

Dáse conta da moción do PSdeG-PSOE, na que con motivo do 25 de novembro, do Día Internacional contra a violencia de xénero, propónse a adopción dos seguintes acordos:

1.- Colaborar co goberno da Xunta de Galicia e co goberno da nación para que, e no marco das súas competencias, poña a disposición das mulleres vítimas todos os recursos posibles, implantando definitivamente a rede integral de asistencia social

2.- Solicitar do goberno da Xunta de Galicia que centren os seus esforzos en apoiar e reforzar os servizos existentes nos departamentos de Servizos Sociais das administracións locais, axustándose á realidade social dos Concellos e ás capacidades económicas de actuación dos mesmos, a fin de rendabilizar o máis posible os recursos dos que se dispón

3.- Solicitar da Xunta de Galicia que se promovan plans de igualdade nos centros educativos

4.- Plantexar que nos plans de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia se contemple a violencia de xénero como un problema grave de saúde pública

5.- Desenvolver e apoiar as investigacións científicas sobre as consecuencias na saúde física e mental das vítimas e dos seus fillos e fillas no municipio

6.- O machismo mata ás mulleres e envilece ós homes polo que a prevención é esencial e debe orientarse non só cara as posibles mulleres vítimas senón tamén cara o potencial agresor. Polo tanto, pedísmoslle ó Pleno da Corporación Municipal o apoio unánime á continuidade dos programas educativos, campañas, accións de promoción de grupos de homes e mulleres pola igualdade, dos programas específicos que abordan a situación das mulleres en estado de especial vulnerabilidade que se veñen desenvolvendo dende o Concello.

Dáse conta así mesmo da proposta do BNG de crear un fondo de emerxencia, contemplando no orzamento unha partida específica para tal fin, que sirva para atender os casos de mulleres en situación de violencia de xénero do concello que de maneira urxente necesiten recursos.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE dá unha explicación defendendo a moción, se ben se está a traballar niso, observándose pouca incidencia neste concello.

Dona Xosefina Guitián do BNG está de acordo co exposto e agradécelle o engadido da súa proposta de moción.

O Sr. Albela de TEGA di estar tamén de acordo coa proposta e espera que os citados recursos non teñan que utilizarse.

O Sr. Martínez do PP di apoiar a moción.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción coa proposta do BNG.

#### 4º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP para millorar as obras de urbanización realizadas polo Ministerio de Fomento na N-525

Dáse conta da moción presentada polo PP , na que se expón que o Ministerio de Fomento está a levar a cabo unha serie de melloras no proxecto inicial de urbanización na estrada N-525 no lugar de A Susana ( onde coinciden os Concellos de Vedra e Santiago), na parte correspondente ó concello de Santiago de Compostela, polo que se propón a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que por parte do Concello de Vedra se reclame de forma urxente ó Ministerio de Fomento que as milloras (canalizacións, etc) introducidas nas últimas semanas ó proxecto inicial de urbanización no tramo urbán da Susana correspondente ó Concello de Santiago , se estendan o tramo urbán correspondente ó Concello de Vedra (lugar de A Gándara)

2º.- Reclamar de novo o estudio e milloras de seguridade xa solicitadas e aprobadas por unanimidade no Pleno do 31 de xullo de 2007

3º.- Reclamar unha vez máis a realización en Santa Cruz de Ribadulla da ponte peatonal, e no seu caso, das sendas peatonais nos tramos urbáns de dita poboación e de Ponte Ulla.

O Sr. Martínez do PP expón a oportunidade da moción dada a súa necesidade, e que actualmente se están a executar obras no tramo de Santiago, dado que deste xeito quedarían preparado o tramo de cara ó futuro próximo en canto ós servizos.. Tamén reitera o aprobado no pleno do 31 de xullo e tendo en conta que segundo o ministerio a ponte peatonal estaba en estudio.

Dona Xosefina Guitián do BNG di que debe reclamarse en canto á fase de confección do proxecto da ponte, pois se está a redactar.

En canto ás obras en A Gándara di que o concello xa debería ter reclamado este asunto e presentado alegacións no seu día.

O Sr. Albela de TEGA di que está de acordo coa moción e espera que teña éxito.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que non consta que houbera melloras no tramo do Concello de Santiago, e que o proxecto arranca de 1996, co goberno do PP, e que en oito anos non se executou nada, polo cal no debe falarse agora de desidia do Sr. Alcalde.

Tamén di que o PXOM prevee un PERI que, en todo caso, desenvolve eses servizos.

O Sr. Martínez insiste en que bedería facerse agora xa que o PERI non hai garantías de que se desenvolva en breve.

Por unanimidade dos asistentes acórdase incorporar no punto 1º " en caso de que non sexa competencia de Fomento que se asuma por parte do Concello de Vedra na forma que sexa conveniente".

O punto 3º queda redactado do seguinte xeito "Reclamar a Fomento a fase na que se atopa a redacción do proxecto da ponte peatonal, así como o prazo estimado para a súa execución. Asi mesmo reclamar as sendas peatonais nos tramos urbanos de dita poboación e a de Ponte Ulla".

O Pleno aproba por unanimidade a citada moción coas rectificacións acordadas.

**5º.- Acordo, se procede, sobre dedicación do contorno da igrexa parroquial de San Andrés de Trobe a don Florentino Souto Cao**

Coñecendo o cariño que os veciños da parroquia de Trobe lle tiñan ó desaparecido concelleiro, membro desta Corporación, don Florentino Souto Cao, e como homenaxe á súa persoa e labor como membro da Corporación, o Grupo de Goberno propón honrar o citado concelleiro concedéndolle o seu nome ó contorno da igrexa parroquial.

O Sr. Alvela de TEGA di estar conforme, pero que nese lugar xa existen dúas placas máis

Dona Xosefina Guitián do BNG di que a figura de Florentino merece ese recoñecemento.

O Sr. Costa Carneiro do PP di estar de acordo xa que é un recoñecemento moi merecido pola súa vontade cara a todos os veciños.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE agradácelle o expresado polos demais grupos e expón que os méritos de Florentino son os que producen ese consenso.

O Pleno por unanimidade acorda aprobar a citada proposta.

**6º.- Acordo, se procede, sobre incorporación á Red Española de Ciudades por el Clima da FEMP**

A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Ministerio de Medio Ambiente suscribiron en 2004 un Convenio Marco de colaboración para a promoción de políticas locais de sustentabilidade urbana. Como ferramenta para materializar este apoio e facilitar que os Gobernos Locais contribúan á protección do clima dende as súas respectivas competencias e ámbitos territoriais, mediante o desenvolvemento de políticas coordinadas, o intercambio de experiencias e a posta en común de ideas, iniciativas e necesidades, constitúese en xuño de 2005 a Sección *Red Española de Ciudades por el Clima*.

Dende entón, esta red articulou o protagonismo de máis de un cento de municipios que se adheriron mediante acordo plenario tomando innumerables iniciativas en ámbitos como a mobilidade urbana, o aforro e a eficiencia enerxética, o impulso ás enerxías renovables e a xestión sostible de residuos.

Proponse:

1º.- - A adhesión do Concello á citada Red

2º.- Designar como representante político para a Asemblea da Rede ó Sr. Alcalde-Presidente, don Odón C. Cobas García, facultándoo amplamente a todos os efectos relativos a este tema.

Dona Xosefina Guitián do BNG expón a súa postura favorable a este tipo de iniciativas en xeral e que non queden en simples palabras.

O Sr. Albela de TEGA tamén expón que espera que sexa útil.

O Sr. Martínez do PP está de acordo co exposto.



O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

**7º.- Acordo, se procede, sobre regulamento do punto limpo de Vedra**

De seguido dáse conta do borrador do Regulamento do punto limpo de Vedra.

Dona Xosefina Guitián do BNG fai algunhas consideracións, entre outras, oponse a que puidese aprobarse unha taxa pola utilización do punto limpo.

O Sr. Alvela de TEGA está conforme co regulamento e tamén é contrario a que se implante a taxa, se ben, agora non se contempla e, en principio, considera que non sería unha taxa a particulares, senón en tal caso a empresas.

O Sr. Martínez do PP tamén se expresa neste sentido e considera que a taxa se se aprobase tería que facelo o pleno nun futuro, pero que de momento non se contempla.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que o da taxa xa está aclarado e que, en todo caso, deberá aprobala o pleno, así pois o que se contempla é un coste cero.

Dona Xosefina Guitián solicita que se manteña o servizo de recollida de obxectos voluminosos para os veciños e reitera que o punto sobre da taxa sobra.

Logo dun debate sobre do particular, propónse engadir no punto 6º.1º ó final "e pequeno comercio".

Tamén eliminar o 2º parágrafo do art. 9º referente á taxa.

Posta a votación o regulamento coa modificacións acordads apróbase por unanimidade dos asistentes

**8º.- Acordo, se procede, sobre modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras**

Declárase a urxencia deste punto por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta que o artigo 9º.2 da Ordenanza fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre Construcións, Intslacións e Obras establece unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento término ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo.

Dado que no Real Decreto 314/2006 , do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación establécese a obligatoriedade de incluír nos proxectos de obras sistemas de aproveitamento de enerxía solar, propónse:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras consistente na derogación do punto 2 no artigo 9º “bonificacións” da mesma.

2º.- Darlle ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo do Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas

3º.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións o expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada proposta

**9º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de comparecencia do concelleiro de Deportes no pleno ordinario do mes de decembro**

Dona Xosefina Guitián do BNG propón o seguinte:

Solicitar, en función do art. 105 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a comparecencia do concelleiro de Deportes

Apróbase por unanimidade a urxencia.

O BNG propón a comparecencia do concelleiro de Deportes no vindeiro pleno en relación co conflito co Club Olímpicode Vedra.

Apróbase con 7 votos a favor do PP, TEGA e BNG e 6 abstencións do PSdeG-PSOE

**10º.- Acordo, se procede, sobre do Regulamento de Participación Ciudadana**

Tamén dona Xosefina Guitián do BNG propón o debate urxente do Regulamento de Participación Ciudadana.

Acórdase a urxencia por unanimidade.

Dona Xosefina Guitián expón o compromiso existente ó respecto e que se están a utilizar estratexias para que certos acordos non se adopten e deixar debates en suspenso, e que ademais xa se retiraron outros dous regulamentos que terían relación co de participación veciñal. Así mesmo realiza varias críticas ó contido do proxecto de regulamento presentado no seu día polo grupo de goberno. En todo caso solicita que se convoquen as correspondentes comisións.

O Sr. Alvela de TEGA di que en decembro terán as súas propostas.

O Sr. Martínez do PP está de acordo co exposto pola Sra. Guitián en todo caso, e que o seu grupo está a espera de que se convoquen as Comisións e que debería aprobarse en decembro.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que en efecto en decembro espera que poida aprobarse, pero tamén di que non hai ningunha achega ou proposta

do PP tal e como había quedado; en todo caso que están encantados en que en decembro se aprobe e aínda mellor se fose ó regulamento orgánico.

O Sr. Martínez di que se non se convocan as Comisións non se poden facer as propostas.

**11º.- Acordo, se procede, sobre das bases para a utilización dos locais existentes nos edificios municipais, casas de cultura, locais parroquiais e auditorios das casas de cultura do concello**

Dona Xosefina Guitián do BNG propón a urxencia do debate dos Regulamentos retirados da Orde do día.

O Sr. Alvela de TEGA expón que o seu grupo non vai a desdecirse e que no está de acordo en debatilos agora, pero si estudialos con tempo.

Posta a votación a urxencia rexeitase con 7 votos en contra do PSdeG-PSOE e TEGA e 6 votos a favor do PP e BNG.

## **12º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior**

Ás preguntas do pleno ordinario de setembro do PP, a Presidencia contéstalle:

1.- A pregunta sobre da brigada verde, di que limpa espazos públicos, áreas recreativas e sendas verdes e a súa planificación Ila facilitará a traballadora dona Cruz Vilas

2.- Sobre da mobilidade funcional dos traballadores, que se produce por baixas de empregados e sempre temporais, sen producir prexuízos ós interesados

3.- Polo que respecta á obra acondicionamento , mellora ou ampliación do cemiterio de San Mamede, que a obra a adxudicou a CPTOPV e a executará Alconte Galicia, S.L no prazo de seis meses e medio.

4.- Sobre do asfaltado de pistas en Neira de Abaixo, que se incorporou ó PEIM.

5.- Sobre do alumeado debaixo da ponte da autoestrada en Canicoba, que ese alumeado non se incluiu porque non hai vivendas e a AA.VV non o considerou prioritario

6.- Sobre das subvencións as Comisións de Festas que son 600,00 euros e en canto á pista polideportiva e de atletismo de San Fins que se está elaborando o proxecto.

--Ás pregunta do pleno ordinario do mes de outubro , a Presidencia contéstalle:

1.- Á pregunta de dona Xosefina Guitián do BNG sobre da páxina web do concello, que está previsto para xaneiro

2.- Sobre das funcións de don Miguel Camino: fontanería e pequenas obras; que non ten contrato, e que se lle paga por factura



### 13º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG plantexa a seguinte pregunta:

- I. En Xunta de Goberno de 13 de xuño de 2007, aprobouse factura de procuraduría por recursos contencioso-administrativos presentados por Manuel Martínez Vilasante e Elda Maceira, e pola A.V. O Souto; preguntei xa máis veces, incluso por escrito: A qué se refiren estes recursos?
- II. O Concello de Vedra recibiu a principios de ano unha subvención do INEGA en concepto de instalación de enerxía solar térmica e caldeiras de biomasa; en febreiro se me dixo que aínda non decidiran qué facer coa subvención. O obxectivo de subvención parece moi claro na resolución da mesma: Onde se investiron eses cartos e de qué forma?
- III. A respecto do escrito presentado pola A.V. de Sta. Cruz de Ribadulla sobre a situación de risco de exclusión social e de saúde padecida por un veciño desa parroquia, solicito coñecer os informes da Asistencia Social sobre este tema, e qué medidas pensa levar a cabo o concello.
- IV. Présa de Caldelas.
- V. Presentouse no concello un ambicioso proxecto para a depuración de lodos de depuradoras e a súa transformación en abonos e en biogas. Estudou xa o concello este proxecto? Qué valoración fai da importancia de que unha instalación destas características se poida implantar no concello de Vedra? Dende o BNG, considerando a importancia que pode ter unha instalación pioneira en Galiza, de gran relevancia desde o punto de vista medioambiental e de creación de emprego, rogamos se estudie co máximo rigor este asunto, intentando o posible para que este proxecto poida quedar no Concello de Vedra.
- VI. Rogamos se apoie en todo o posible á comunidade educativa do C.I.P. de Ortigueira nos seus proxectos para conseguir comedor de cara ao curso que ven, iniciando a desafectación dos locais das vivendas de mestres en Sta. Cruz, para destinalas a comedor, e no apoio a todas aquelas obras que sexa necesario acometer para este obxectivo.
- VII. Rogo se arranxe unha xanela rota que está no 1º andar da Escola de S. Miguel de Sarandón, con risco de desprendemento sobre o terreo de xogos.

--Don José Alvela de TEGA, expón que segundo o proxecto aprobado en Xunta de Goberno (06/11/2007) elaborado por dona Mercedes Rosón para *mellora e acondicionamento da área recreativa no campo da festa de San Miguel de Sarandón* cun orzamento de 449.872,36 euros (75 millóns de pesetas) a incluír no *plan piloto de mellora en calidade turística de Portodemouros*.

Preguntas:

En que data se exporá este proxecto para coñecemento dos veciños de San Miguel?

Cando comezarán ás obras?

Canto tempo se prevé que duren as obras?

Este plan soporta o orzamento citado anteriormente para a realización da obra na súa totalidade?

De non ser isto así con que diñeiro se financiaría a citada obra?

Segundo contestación ó escrito da AA.VV. de San Miguel de Sarandón a efectos da execución da citada obra acordan aceptar a cesión do campo da festa por un tempo de catro anos prorrogables en caso necesario en dous anos máis.

Consideran factible para a execución desta obra un prazo de seis anos?

Cales son os pasos que ten que dar calquera veciño para reclamar a retirada de cans vagabundos e os custos se os hai?

--Don Carlos Martínez Carrillo do PP formulas os seguintes rogos:

1º.- Rogamos que o grupo de goberno e o alcalde á cabeza non derive a responsabilidade propia de velar pola seguridade nos espazos públicos e, sobor de todo, nos recintos deportivos, nas distintas asociacións ou agrupacións, e que non utilice o tema da seguridade nos espazos públicos citados como un feito para deixar de invertir nos mesmos, e anular de facto un servizo como é a promoción e practica do deporte, que según a lexislación aplicable, debe garantir a todos os cidadáns. Polo que insistimos en solicitar que sexa o Concello quen subvencione e financie a reparación, sustitución, adaptación e instalación dos elementos (porterías e canastas) que sexan necesarios e que cumpran a normativa de seguridade vixente, nas distintas instalacións deportivas de uso público no Concello, de tal xeito que se garantice a posibilidade real da practica deportiva en todas as parroquias de Vedra.

2º.- Nestes días estase a producir o desmantelamento en San Fins de Sales das instalacións contaminantes de "Anodinados Vedra S.L." e "Lacados Vedra S.L.", así como en principio a retirada dos produtos tóxicos (algún profundamente tóxico) que por alí "campan as suas anchas" e o alcance de calquer neno ou rapaz que pasee ou xogue polos camiños que circundan ditas instalacións. Rogamos que de maneira urxente se vixie e controle, dentro das competencias municipais, ditas actividades, e se faga cumprir todas as medidas de seguridade tanto a nivel social como medioambiental, para evitar calquer risco tanto na poboación como nos terrenos colindantes. *Adxuntamos fotos tomadas esta mesma semana do negligente estado no que están as instalacións e produtos que alí están almacenados, tanto no interior como no exterior, e onde se pode observar o elevadísimo risco de que se poida producir algún dano grave.*

3º.- Rogamos e solicitamos que dende o Concello se fagan as xestións necesarias para a recuperación, apoio e protección do Entroido Tradicional da Ulla nas distintas parroquias do Concello de Vedra onde sempre foi tradicional, de tal xeito de que se poidan optar a fondos europeos, da Xunta, así como do propio Concello para lograr a mencionada recuperación.

4º.- Rogamos e solicitamos que dende o Concello se fagan as xestións necesarias para a liberalización ou rebaixe do peaxe no tramo "Santiago-Ponte Ulla" da Autopista AP-53.

Así mesmo plantexa as seguintes preguntas:

1ª.- ¿Qué xestións se fixeron dende a Alcaldía nos meses de setembro, outubro e novembro en relación á obra da carretera Vedra-Santa Lucía?

2ª.- ¿Qué xestións se fixeron dende a Alcaldía nos meses de setembro, outubro e novembro para solucionar a emisión de TV na zona da Ulla?

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos

